

EIP ON AHA TWINNING 2020 - GALICIA & BAIXA SILESIA (POLONIA)

Iniciativa financiada pola Comisión Europea para facilitar a irmadade e intercambio de boas prácticas dentro do programa europeo para o envellecemento activo e saúdable, [European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing EIP on AHA](#).

Rexións participantes:

- Galicia: [Servizo Galego de Saúde & Axencia de Coñecemento en Saúde ACIS](#)
- Baixa Silesia (Polonia): [Voivodato da Baixa Silesia](#)

Orzamento: 5.000 euros

[Enlace á comunicación da Comisión Europea \(EIP on AHA\) co resultado dos proxectos seleccionados.](#)

Resumo da xornada

A xornada contou coa presenza do Xerente da área Sanitaria de Ferrol, Angel Facio Villanueva, acompañado por profesionais sanitarios que trasladaron a súa experiencia co sistema TELEA. Participaron tamén na xornada a Dirección de Procesos e Soporte e a Subdirección de Sistemas de Información de Ferrol, xunto coa área de Innovación Sanitaria da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), quen coincidiron en destacar a apostura actual do Servizo Galego de Saúde para contar cun sistema de telemonitorización, que ven de ser adaptado durante a crise da Covid-19 cunha nova funcionalidade para facilitar o seguemento de pacientes e o control preventivo dos residentes en centros sociosanitarios.



Por parte de Polonia, conectouse a través de videoconferencia por mor da Covid-19, o Director do Hospital A. Falkiewicz Specialist (Breslavia – Wroclaw), e oficiais da oficina Rexional de Sanidade de Baixa Silesia, entre outros.

Grazas á iniciativa “Twinning”, o grupo de traballo formado por Galicia e Baixa Silesia puideron compartir os aspectos técnicos e organizativos que facilitarán a implantación dun sistema de telemonitorización na rexión polaca, que ao igual que o sistema TELEA, non só será accesible para os profesionais da saúde senón tamén para os pacientes a través dun acceso en liña.

CONTIDOS RELACIONADOS

[EIP on AHA](#)

[Portal da Comisión Europea da EIP on AHA](#)

[Resumo da xornada-Twinning \(YouTube\)](#)

A área sanitaria de Ferrol e a administración sanitaria rexional de Silesia (Polonia) comparten información sobre telemonitorización de pacientes

NOVAS

Galicia xunto con Baixa Silesia en Polonia logra unha das 6 iniciativas de irmandomento no campo do envellecemento activo e saudable financiadas pola Comisión Europea

Sanidade celebra xunto coa rexión polaca de Baixa Silesia una xornada de irmandomento no campo do envellecemento activo e saudable financiado pola Comisión Europea

[Enlace á comunicación da Comisión Europea \(EIP on AHA\) co resumo da](#)

TELEA Plataforma de teleasistencia domiciliaria do Servizo
Galego de Saúde



<https://teleaweb.sergas.gal/>